POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Historia do feminismo galego

A. R. López e M. Dopico (coords.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2012 [2010]). "Historia do feminismo galego". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 806 (28 de xaneiro), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1434>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2010]). "Historia do feminismo galego". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 806 (28 de xaneiro), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de decembro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

28 XANEIRO DO 2010 - NÚMERO 806

rdL REVISTA DAS LETRAS

O feminismo galego

Os avances logrados na loita contra a discriminación das mulleres non viñeron sós, senón que son o resultado do traballo dun movemento social, o feminista, que asenta os seus alicerces na Revolución Francesa e nas mobilizacións das sufraxistas inglesas no século XIX. Divulgar esta historia, a do feminismo, focalizando a atención no noso país, é o obxectivo dunha exposición que, organizada pola Fundación Galiza Sempre, percorre o territorio galego desde hai uns meses. *Feminismo galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres* visitou xa Santiago, A Coruña, Tomiño e Allariz. Mañá deixará O Porriño, e do 1 de febreiro até o 7 de marzo estará en Vigo, na Casa das Mulleres, para trasladarse despois a Lugo, onde se poderá

Historia do feminismo

ver, no Museo da Deputación, do 8 ó 22 de marzo. A mostra seguirá itinerando por Galiza ao longo de todo o ano, até rematar o seu periplo en xullo, no Festigal. Impulsada pola Fundación en colaboración co Ministerio de Cultura e a Deputación da Coruña, foi artellada con fondos documentais facilitados por Nanina Santos Castroviejo, a Fundación 10 de Marzo, o Museo do Pobo Galego, o Museo de Pontevedra e o Museo Massó. Fotos e ilustracións, textos, noticias de xornais e outros documentos centran uns paneis cuxa finalidade é contribuír á reflexión na sociedade galega sobre os avances e cambios sociais promovidos polo movemento a prol da igualdade de dereitos das mulleres.

CATALUÑA

Olympia de Gougues e Mary Wollstonecraft. Dous nomes para a historia. Dúas mulleres que loitaron contra o xeito de exclusión que a Revolución francesa perpetuara: a de xénero. Con elas, coa memoria do seu labor, pódese comezar o repaso pola historia do feminismo. En Galiza, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Juana de Vega... situáronse na vangarda. Foron as pioneiras da reivindicación doutra maneira de ser muller: do acceso á cultura, á educación... A influencia do movemento sufraxista, agromado en Gran Bretaña a mediados do século XIX, abrollou no noso país pouco despois. Salvador Parga Torreiro defendeu o sufraxio feminino no discurso de inauguración do curso 1870-1871 da Universidade de Santiago. No 1901 licenciouse a primeira muller na USC. No proxecto de Constitución para o Estado galego da Asemblea Federalista de Lugo en 1887 recollíase o dereito ao voto das mulleres, aínda que con limitacións. Tamén colectivos como as Irmandades da Fala incorporaron a defensa da igualdade política entre homes e mulleres nos seus textos, como o Manifesto da Asambleia Nazonalista de Lugo de 1918.

As mulleres procuraron tamén o seu espazo no movemento obreiro e o agrarista. Concepción Miranda chamou publicamente á incorporación das mulleres á loita obreira. Sofía Casanova, escritora e xornalista, abordou nalgúns dos seus artigos a problemática das traballadoras asalariadas. As operarias da fábrica de tabacos da Coruña protagonizaron un soado motín. Nas primeiras décadas do século XX xurdiron as primeiras asociacións de mulleres vinculadas aos partidos políticos e sindicatos: asociacións republicanas, do PC, do PSOE, anarquistas, galeguistas, etc.

O dereito ao voto non chegou, porén, ata a Segunda República. O goberno provisional de Alcalá Zamora emitiu o 8 de maio de 1931 un decreto no que se concedía o voto a todos homes maiores de 23 anos e se declaraba elixíbeis a clérigos e mulleres. Porén, aprazaríase até os debates sobre o articulado da nova Constitución a posibilidade de que as mulleres puidesen votar.

O artigo 36 recolllía: "os cidadáns dun e doutro sexo terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis". Na quenda da votación deste artigo só se atopaban presentes 26 dos 47 deputados representantes de Galiza e deles 16 votaron a favor e 10 en contra. En todo o Estado o resultado foi de 161 votos afirmativos e 121 negativos. Por outra banda, arredor dalgúns partidos, sindicatos e outros colectivos existentes na II República creáronse agrupacións de mulleres e agrupacións mixtas. Así mesmo, algunhas delas tiveron presenza nas publicacións vinculadas a estes colectivos, como foi o caso do voceiro do Partido Galeguista: A Nosa Terra.

A Constitución de 1931 recolle no seu artigo 25 que "non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas" e no 40 que "todos os españois, sen distinción de sexos, son admisíbeis nos empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade, salvo as incompatibilidades que as leis sinalen". O artigo 46 establecía que "o traballo é unha obriga social e será protexido por lei, que regulará os casos de seguro de enfermidade, accidente, paro forzoso, vellez, invalidez e morte; o traballo das mulleres e dos mozos e especialmente a protección da maternidade, etc" e o 43 que "o matrimonio se funda na igualdade de dereitos para ambos sexos e poderá disolverse por mutuo acordo ou a petición de calquera dos cónxuxes".

Arriba é esquerda, un deseño utilizado recentemente, durante o goberno bipartito, pola Xunta. Ao seu carón, unha pegatina utilizada polo movemento feminista a finais dos 70 no contexto do debate sobre a lei do divorcio. Abaixo, imaxe de mulleres obreiras do século XIX, no seu traballo. A Fundación Galiza Sempre expresou o seu agradecemento, pola súa colaboración, a Mariam Mariño, a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, Rebeca Romero, Iolanda Veloso, María Xosé Molina, María Antonia Pérez Villar, Cuqui Fraguela, Lidia Senra, Nine Paz, Secretaría da Muller de CCOO e a Secretaría da Muller da CIG.


CIÑAIS
KIR
PRESA
MÁIS
ONTIGO
AR
REGO
TIGO
SE
ACER DEPORTE
ORMARSE XOGAR
AO BALONMÁN
ODER
MÁIS
IR

POR UNHA LEI DE DIVORCIO
QUE NON DISCRIMINE A MULLER

Co golpe de Estado de 1936 produciuse unha volta atrás na situación das mulleres. A represión concretouse para elas en asasinatos, torturas, violacións, rapados de cabelo, humillacións públicas, etc. As mulleres tomaron parte activa na resistencia, implicándose na militancia política no exilio ou na clandestinidade e na loita dos guerrilleiros. Coa ditadura, aboliuse a Lei do matrimonio civil, a Lei do divorcio e institucionalizáronse os roles tradicionais de filla, esposa e nai. O Código Penal do 1944 reincorporou o "uxoricidio por causa de honor", que se mantivo vixente ata o 1961. Nos anos 60 comezaron, porén, a organizarse colectivos de mulleres como o Movimiento Democrático de la Mujer, xurdido en Barcelona e vinculado ao PC, que chegaría a Galiza. As integrantes galegas chegaron a publicar o boletín *A muller e a loita*.

Na Transición, o asociacionismo feminista cobrou un renovado impulso. En 1976 creouse a Asociación Galega da Muller, e no 1982, vinculada a esta agrupación, naceu a revista *Andaina*. En 1977 formáronse a Asociación Democrática da Muller Galega e a Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller. En 1978, froito dunha escisión no seo da AGM, fúndase a agrupación Feministas Independentes Galegas (FIGA), arredor da cal naceron as publicacións *A Saia* e *A Festa da Palabra Silenciada*. Nese mesmo ano creáronse colectivos como a Asamblea Feminista de Lugo ou a Coordinadora Feminista Galega. Un ano despois xorde a Coordinadora Feminista de Vigo. Nos anos 80 naceron novas agrupacións feministas, como as Mulleres Nacionalistas Galegas, Mulleres Progresistas, os Grupos de Mulleres da Universidade, o colectivo anarquista de Mulheres Livres de Santiago ou as Mulleres Rurais. De igual xeito, creáronse os primeiros centros de recompilación de textos de mulleres e estudo feminista, como o grupo Alecrín de Vigo. Tamén nestas dúas décadas naceron no contorno dalgúns partidos e sindicatos galegos áreas específicas de actuación e debate sobre a problemática das mulleres.

Coa morte de Franco mudaron moitas cousas. O adulterio foi abolido como delito en 1978 e a Lei 30/81 do 7 de xuño veu mudar a regulación do matrimonio estabelecida no Código Civil. Porén, esta medida foi considerada como insuficiente polas organizacións feministas, que criticaban a burocratización e a excesiva lentitude coa que se tramitaría o proceso de divorcio, así como a necesidade da alegación dunha "causa" de ruptura. Outros aspectos que tiveron gran relevancia no debate feminista foron: a loita contra todas as manifestacións da violencia machista, os anticonceptivos, o aborto, a defensa da libre opción sexual e a equiparación en dereitos das parellas homosexuais.

Non será até a Lei 45/1978 do 7 de outubro, cando se autorice a divulgación, propaganda e venda dos métodos anticonceptivos. En 1983 aprobouse a despenalización parcial do aborto para os supostos de violación, risco para a saúde física ou psíquica da nai ou malformación do feto. Na actualidade continúa a loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todos os ámbitos. Naceron novos colectivos e espazos de debate, como a rede Marcha Mundial das Mulleres, e déronse pasos legais como a aprobación da lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. A reforma do Código Civil axilizou os trámites do divorcio e eliminou as causas e a preceptiva separación previa, e o matrimonio homosexual aprobouse no 2005.

Arriba á esquerda, foto dunha manifestación de AGM, no ano 83, que foi un escándalo en Compostela. Abaixo, estudantes da Universidade de Santiago. Arriba á dereita, un cartel de propaganda do referendo do Estatuto do 36, e debaixo un documento das Irmandades da Fala que recolle a igualdade de dereitos da muller entre as cuestións a desenvolver. Dirixe a exposición da Fundación Galiza Sempre Xabier Macías. Do guión e documentación encargouse Isabel Rodríguez Mate, co asesoramento de Nanina Santos, María Xosé Agra e Encarna Otero. Tania Ameneiro asumiu a xestión e administración. O texto desta páxina e da 4 é un resumo do que conteñen os catro paneis que conforman a mostra.

MULLERES
QUE TRABALLADES COMO HOMES; COMO HOMES
VOTADE O ESTATUTO

Irmandade da Fala
(A CRUÑA)

que se amostre mais doada pra chegare ã federación con Portugal.

7º = Ingreso das nasonalidades da Ibéria na Liga das Nazóns.

= III =

= Problemas politicos =

1º = Igoaldade de dereitos pr-a muller.
2º = Custión eleitoral:
(a) a función eleitoral terá de sere da responsabilidade

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Na foto de portada, manifestación de traballadoras en Ferrol.